



STEG REXEITA O MÁIS QUE PROBÁBEL DITAME QUE AMPARARÍA OS CONCERTOS DOS CENTROS QUE SEGREGAN POR SEXOS

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O goberno do Partido Popular está a piques de acadar un ditame favorábel sobre os artigos máis polémicos da LOMCE no Tribunal Constitucional, pero iso só significa que a Lei Wert non entra en conflito co articulado da Constitución Española. Non é a nosa labor cuestionar as decisións dos tribunais, pero queremos lembrar que, por moi legal que sexa:

-A LOMCE é unha lei adoutrinadora nos principios máis execrables do neoliberalismo e da competitividade individual, que busca tan so resultados academicistas en lugar de que a escola pública sexa un servizo que forme a unha cidadanía responsable e autónoma.

-A LOMCE blinda os privilexios medievais que a igrexa católica ten no eido educativo, tanto a nivel curricular coma a nivel de outorgar inxentes cantidades de cartos públicos, o que é totalmente contrario á suposta laicidade do estado español.

-A LOMCE é unha lei segregadora, que afonda nas desigualdades e que busca unha dobre vía para o ensino: cunha rede pública completamente baleirada de recursos e saturada co alumnado de nivel socioeconómico máis baixo; e unha rede de ensino privado-concertado reservado para unha elite, e que non precise nin sequer ter máis calidade (coma demostran todos os estudos nos que se comparan resultados académicos corrixindo o sesgo socioeconómico).

-A LOMCE é unha lei aprobada de costas á comunidade educativa, e que conta só coa aprobación do ensino relixioso-concertado, tal e como se demostrou nas rúas e en numerosas accións de protesta durante os anos que leva aprobada.

En definitiva, a LOMCE debe ser derogada xunto cos seus recortes, non nos serven nin pactos educativos nin parches que modifiquen o que xa hai. Debe ser derogada, para deixar paso a unha nova normativa que xurda da negociación e do consenso con todos os actores da comunidade educativa.

Dende o STEG nunca nos cansaremos de berrar NON Á LOMCE!

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

19 de marzo de 2018